

Curso 2019-2020.


Reclamacións ás cualificacións de 2º de Bacharelato (convocatoria extraordinaria de setembro)

De acordo coa **CIRCULAR Nº2 /2020** e a actualización de datas do 03-06-20 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se desenvolve a Orde do 22 de abril de 2010, pola que se establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso do bacharelato establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, para o curso 2019-2020, e a actualización de datas do 03-06-20, as reclamacións ás cualificacións de 2º de Bacharelato presentaranse de acordo co seguinte procedemento e calendario:

1. Os boletíns coas cualificacións finais de segundo de bacharelato serán entregados **o día 3 de setembro (ás 12.30 na Quenda Ordinaria e ás 17.30 para Adultos)**
2. O/A alumno/a disconforme coa cualificación obtida poderá consultar ao profesor ou profesora da materia correspondente nese mesmo día 3 de setembro.
3. O/A alumno/a que non estiver de acordo coas explicacións recibidas polo profesor ou profesora da materia poderá presentar nas oficinas do instituto unha instancia dirixida á Dirección do centro, solicitando que o Departamento correspondente revise a súa cualificación. O prazo para a presentación comprende **os días 3 e 4 de setembro (até as 14:00 horas)**
4. O alumnado que solicite que o Departamento revise a súa cualificación, recollerá a resolución correspondente **o día 4 de setembro, ás 17.00 h., nas oficinas do instituto.**
5. De non estar conforme coa resolución do Departamento, poderá solicitar que a dirección remita o expediente de reclamación á presidenta da Comisión de supervisión, presentando **unha nova instancia** nas oficinas do centro **o día 7 de setembro, antes das 12.00 h.**

NOTA IMPORTANTE: Non se terán en conta aquelas instancias que non estean baseadas nos criterios establecidos na circular arriba indicada.

Santiago, a 31 de agosto de 2020


Manuel Portas Fernández,
Director do IES "A. Xelmírez I",

